



BOP

VENRES, 10 DE MARZO DE 2023

N.º057

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BEGONTE

De conformidade co establecido no artigo 9.1, do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas, procedese á apertura dun trámite de información pública - polo prazo de 20 días hábiles a contar desde a publicación deste anuncio no Boletín oficial da Provincia e Taboleiro de edictos do Concello - do proxecto de "AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NO CAMIÑO DE SAAVEDRA DO BARRIO DE O MARCO NA PARROQUIA DE CARRAL. BEGONTE (LUGO)", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Patricio AguilarCavanillas, cun orzamento total de 296.550,02 euros.

Begonte, 6 de marzo de 2023.- O alcalde, José Ulla Rocha.

R. 0666

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, na sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 7 de marzo de 2023, o expediente de modificación de créditos núm. 3 /2023, (1º de competencia do Pleno), dentro do vixente Presuposto municipal e con modificación do anexo de investimentos, por un importe total de Trescentos vinte oito mil seiscientos trinta (328.630,00) euros, en cumprimento do disposto no artigo 117.2 en relación co 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde- Presidente deste Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Begonte, 7 de marzo de 2023.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 0667

BURELA

Anuncio

Expediente: 268/2023

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 09 de febreiro de 2023, o Padrón por liquidación das taxas do servizo de abastecemento domiciliario de augas, sumidoiros e recollida de lixo, así como o canón de auga da Xunta de Galicia, correspondente ao Sexto Bimestre do exercicio 2022, procédese a apertura do período de información pública por prazo de vinte días hábiles a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido nas oficinas do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario por período de dous meses a computar dende o día seguinte á presente publicación no BOP de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon de Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 apartado 3 da Lei 58/ 2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 23 e 24 do R.D. 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Burela, 17 de febreiro de 2023.- O alcalde, Alfredo Llano García.

R. 0647

CERVANTES

Anuncio

Información pública

Aprobados por Resolución de alcaldía de data 2 de xaneiro de 2023, os padróns que a continuación se relacionan, expóñense ao público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo:

- Taxa polo servizo de recollida domiciliaria do lixo (1º trimestre de 2023).
- Taxa polo servizo de subministro domiciliario de auga potable e canon da auga (1º trimestre de 2023).

Recursos: Contra o acordo da aprobación dos padróns se poderá interpor recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: un mes contado dende o día inmediato seguinte ao do término do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre: Alcalde do concello de Cervantes.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado o exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

A falta de pagamento do canon de auga no período voluntario suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Cervantes, 3 de marzo de 2023.- O alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 0648

CERVO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 2 de marzo de 2023, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de xaneiro de 2023 das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar, da Taxa pola prestación do servizo da Piscina Municipal así como o correspondente ás ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais, escolas deportivas municipais e os padróns correspondentes ao 6º bimestre de 2022 das taxas polos Servizos de Abastecemento de Auga, Recollida de Lixo e Saneamento.

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra

os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o Padrón.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 13 de marzo ao 15 de xuño de 2023. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor. No caso do canon da auga, esta falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calqueira oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 2 de marzo de 2023.- O Alcalde, Alfonso VillaresBermúdez.

R. 0649

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno deste Concello en sesión ordinaria de data 3 de marzo de 2023 o Orzamento Xeraldo Concello de Folgoso do Courel para o ano 2023, bases de execución, cadro de persoal e demais documentación que obra no expediente, con arranxo ó disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, e no artigo 20 do Real Decreto 500/1990, exponseao público polo prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte da publicación deste anuncio, dentro do cal os interesados poderán presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

O orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Folgoso do Courel, 6 de marzo de 2023.- A alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 0650

LOURENZÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA XIMNASIO

FEBREIRO DE 2023

EXPOSICIÓN O PÚBLICO

Por Resolución de Alcaldía de data **28 DE FEBREIRO DE 2023**, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de XIMNASIO correspondente ao mes de **FEBREIRO DE 2023** por importe de **1017,80 EUROS (MIL DAZASETE CON OITENTA EUROS)**

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contador a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formulan ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 28 de febreiro de 2023.- A Alcadesa, Rocío López García.

R. 0651

Anuncio

EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA P.A.I.

MARZO 2023

EXPOSICIÓN O PÚBLICO

Por Resolución de Alcaldía de data o día 01 de Agosto de 2019, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (P.A.I.) correspondente ao mes de marzo de 2023 por importe de sesenta e seis euros e sesenta e cinco céntimos (66,65).

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contador a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formulan ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcadesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 3 de marzo de 2023.- A Alcadesa, Rocío López García.

R. 0652

OUIROL

Anuncio

O Pleno do concello de Ouiról, en sesión ordinaria celebrada o día tres de marzo de dous mil vinte e tres, aprobou inicialmente o acordo de cesión da titularidade do seguinte ben inmovible a favor da Deputación Provincial de Lugo.

.- Parcela 10003, polígono 106.

.- Referencia catastral 27038A106100030001ZG.

.- Inscrita no Rexistro da Propiedade: Tomo 1011; Libro 132; Folio 172; Finca 15010; CRU: 27011001071835

.- Inscrita no Inventario de Bens municipal co número 399. Ben de dominio público afecto a un uso-servizo público.

Sométese o devandito expediente ao trámite de información pública durante o prazo de vinte días, (20), a partir do día seguinte da publicación do presente anuncio, para os efectos de que os interesados poidan presentar alegacións, suxestións ou reclamacións que deberán ir dirixidas ao sr. alcalde-presidente.

No caso de non presentarse reclamacións, o acordo de cesión entenderase definitivamente aprobado.

Ouro, 3 de marzo de 2023.- O alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 0653

O PÁRAMO

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data **2/03/2023**, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **FEBREIRO** de 2023, polo importe total de **3.813,47€**

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 2 de marzo de 2023.- O Alcalde, JoseLuis López López.

R. 0654

A PONTENOVA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2023

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria do Pleno deste Concello, celebrado en data 28 de febreiro de 2023, o Orzamento Xeral, Bases de Execución, e o persoal funcionario, laboral e eventual para o exercicio económico 2023, con arranxo previsto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

Durante o devandito prazo poderán ser examinados por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

De conformidade co acordo adoptado o Orzamento considerase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non presenten reclamacións.

A Pontenova, 6 de marzo de 2023.- O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 0664

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno, celebrado en data 24 de novembro de 2022, a Relación de Postos de Traballo deste concello.

De conformidade co disposto no artigo 202.2 da Lei do Emprego Público de Galicia o expediente queda sometido a exposición pública durante o prazo de 20 días hábiles desde a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamación e alegacións.-

Durante o devandito prazo poderán ser examinados por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

De conformidade co acordo adoptado a Relación de Postos de Traballo considerase definitivamente aprobada, se durante o citado prazo non presenten reclamacións.

A Pontenova, 6 de marzo de 2023.- O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 0665

RÁBADE

Anuncio

ASUNTO: Lista definitiva de admitidos no procedemento de selección dunha praza de técnico en prevención de drogodependencias e outros trastornos aditivos (estabilización emprego temporal artigo 2 da 20/2021, de 28 de decembro) data e lugar de constitución do tribunal e da realización da primeira proba (tipo test).

Con data 6 de marzo actual a Alcaldía procedeu a ditar a seguinte resolución:

DECRETO DE ALCALDÍA.- Rábade, a 6 de marzo de 2023.

Rematado o prazo de presentación de instancias establecido na cláusula cuarta das bases reguladoras do proceso selectivo para a provisión polo sistema de acceso libre mediante concurso oposición (artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro) de 1 praza de técnico en prevención de drogodependencias e outras conductas adictivas, procedeuse a aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos concedendo un prazo de 15 días naturais a contar desde o día seguinte á publicación da citada resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na sede electrónica municipal <https://rabade.sedelectronica.gal> para que calquera interesado puidera presentar cantas alegacións ou reclamacións estimasen procedentes.

Transcorrido o citado prazo sen que se teña constancia da presentación de alegación algunha e tendo en conta o previsto nas bases de selección e a competencia que me atribúe o artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, pola presente RESOLVO:

Primeiro: Aprobar definitivamente a seguinte lista de admitidos e excluídos:

ADMITIDOS:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI
1	Barreiro Domínguez, María	*****519-E
2	Fernández Carpintero, Yaiza	*****081-B

EXCLUÍDOS:

Ningún.

Segundo: Fixar como data e lugar de constitución do tribunal o 14 de abril de 2023 ás 10:00 horas no salón de Plenos da Casa Consistorial de Concello de Rábade.

Terceiro: Citar aos aspirantes para a realización da primeira proba (tipo test) o 18 de abril de 2023 ás 12:00 horas no salón de Plenos da Casa Consistorial de Concello de Rábade.

Cuarto: Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na sede electrónica municipal <https://rabade.sedelectronica.gal> Este acordo constitúe un acto de trámite polo que pode formular cantas alegacións estime oportunas para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento (artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

Igualmente, se estima que o dito acto decide directa ou indirectamente o asunto de fondo, determina a imposibilidade de continuar o procedemento, produce indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, pode interpoñer, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, un recurso potestativo de reposición, que terá que fundamentar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estime oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

Rábade, 6 de marzo de 2023.- O alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 0655

RIBAS DE SIL

Anuncio

Logo de aprobar por Resolución de Alcaldía a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria para a contratación, en réxime de persoal laboral, 1 praza de ARQUITECTO/A ASEOR/A Estabilización emprego (Disposición Adicional 8ª Lei 20/2021) vacante no persoal municipal, e a datas de constitución do tribunal e desenvolvemento do proceso selectivo, por medio da presente,

PRIMEIRO: Faise publica a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos:

Relación de Aspirantes Admitidos	DNI	
LUCIA SOBRAL VIÑAS	**4182**	
MIGUEL REGUERA SEOANE	**1188**	
ROQUE ALVAREZ AROSA	**9296**	
JOSE ANTONIO RODRIGUEZ LOSADA	**8440**	
Relación de Aspirantes Excluídos	DNI	Causa
NINGÚN		

O que se publica aos efectos de que durante o prazo de 5 [cinco] días hábiles os aspirantes poidan emendar as faltas ou acompañar os documentos preceptivos que motiven a súa non admisión. De non presentarse alegacións a devandita lista ficará definitivamente aprobada, publicándose na sede electrónica do concello.

SEGUNDO: Faise pública a composición do Tribunal que debe xulgar as correspondentes probas:

Membro	Identidade
Presidente	Xesús Arrizado Yáñez, Técnico asesor de RRHH, Adxunto ao Xefe do Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos (Deputación de Lugo)
Suplente	José Ramón Gallego Fernández, Psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira (Deputación de Lugo)
Vogal	Dona Mónica Marras Mosquera, xefa do Servizo de Arquitectura da Deputación de Lugo.
Suplente	Don Ana Belén Mera Arias, Técnica Superior de Edificacións e obras na Unidade de Proxectos da Deputación de Lugo.
Vogal	Don Héctor Diéguez Aranda, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, adxunto ao xefe do Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo
Suplente	Don Darío Ferreiro Otero, Enxeñeiro Camiños, Canles e Portos, Adxunto Xefe Servizo no Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo
Vogal	Don Pablo Seoane Cancelo, Asesor Técnico no Servizo de Contratación e Fomento da Deputación de Lugo.
Suplente	Don Emilio Silva Otero, Asesor Técnico, no Servizo de Recursos Humanos e Asistencia Concello da Deputación de Lugo,
Secretaria	Dona Leticia Rodríguez Díaz, Secretaria - Interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.
Suplente	Don José Ferreiro Fernández, Tesoureiro da Deputación de Lugo

TERCEIRO. Citar aos membros do Tribunal para que comparezan no Salón Verde da Deputación de Lugo o luns día 20 de marzo de 2023 ás 9:30 horas, para a súa constitución.

CUARTO: Citar aos membros do Tribunal e ás persoas aspirantes para que comparezan no Salón de Plenos do Concello de Ribas de Sil o luns día 27 de marzo de 2023, ás 9 horas e 30 minutos para realizar o primeiro exercicio da fase de oposición do proceso selectivo.

QUINTO: Publicar a presente no Boletín Oficial da Provincia, na Sede Electrónica e no Taboleiro de anuncios do Concello de Ribas de Sil.

Contra a presente resolución as persoas aspirantes disporán dun prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte o da publicación da presente resolución no BOP para presentar alegacións.

De non existir alegacións á listaxe provisional, ou se as alegacións non foran suficientes para a súa consideración, entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación.

Contra a listaxe definitiva as persoas aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante do presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución na web corporativa, ou ben recurso contencioso -administrativo diante do Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro do réxime xurídico do sector público.

Toda esta información estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello.

Ribas de Sil, 6 de marzo de 2023.-O Alcalde, Miguel Ángel Sotuela Vega.

R. 0656

SAMOS

Anuncio

Aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 02.03.2023, os padrónsmunicipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizovivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a FEBREIRO/023, expoñenseao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazosen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello en ABANCA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debedas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 2 de marzo de 2023.- O alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 0657

TABOADA

Anuncio

RELACIÓN DE APROBADOS

Concluído o procedemento para PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD COMO PERSOAL LABORAL FIXO DE 15 AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR PROCEDEMENTO DE CONCURSO DE MÉRITOS, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DE TABOADA PARA O ANO 2022, PARA A ESTABILIZACION DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN PREVISTA NAS DISPOSICIÓNS ADICIONAIS SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICOaprobadas por Resolución da Alcaldía de data 14 de novembro de 2022 publicadas no BOP de Lugo nº 262 de data 16 de novembro de 2022.

Publícase para o seu xeral coñecemento a relación de aprobados por orde de puntuación, que é a seguinte:

NOME	DNI	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN	TOTAL PUNTUACIÓN
BALBOA OURO MARIA CARMEN	***9459**	27,88	30,00	57,88

CARBALLO GARCÍA MARIA RAQUEL	***1771**	70,00	30,00	100,00
CONDE COBAS PATRICIA MARIA	***5418**	27,88	4,00	31,88
DIEGUEZ NOVO MARIA JOSEFA	***2044**	66,98	17,00	83,98
FERNANDEZ COUTIÑO LUZ DIVINA	***9629**	32,64	30,00	62,64
FERNANDEZ COUTIÑO AURORA	***6848**	42,50	30,00	72,50
FERNANDEZ GAMALLO CELIA	***1811**	70,00	30,00	100,00
FERNANDEZ MARTIN ALBA	***4896**	31,28	17,00	48,28
FERNANDEZ VAZQUEZ MONICA	***2009**	70,00	30,00	100,00
GARCIA REGUEIRA MARIA ISABEL	***6874**	53,72	19,00	72,72
GAYOSO MEILAN MARIA JESUS	***1970**	43,18	30,00	73,18
LOPEZ GARCIA MARTA	***4551**	7,68	30,00	37,68
LOPEZ LEDO ANA PAULA	***1662**	70,00	30,00	100,00
MOREIRAS QUINTAS CONCEPCION	***4075**	50,32	27,50	77,82
PERNAS PORTO MARIA GORETI	***6246**	37,06	30,00	67,06
PORTO VÁZQUEZ MARIA JESUS	***0752**	70,00	30,00	100,00
VAZQUEZ DIEGUEZ MARTA	***4850**	70,00	30,00	100,00

Atendendo á anterior lista, propónse o nomeamento a favor de:

NOME	DNI	PUNTUACIÓN
CARBALLO GARCÍA MARIA RAQUEL	***1771**	100,00
FERNANDEZ GAMALLO CELIA	***1811**	100,00
FERNANDEZ VAZQUEZ MONICA	***2009**	100,00
LOPEZ LEDO ANA PAULA	***1662**	100,00
PORTO VÁZQUEZ MARIA JESUS	***0752**	100,00
VAZQUEZ DIEGUEZ MARTA	***4850**	100,00
DIEGUEZ NOVO MARIA JOSEFA	***2044**	83,98
MOREIRAS QUINTAS CONCEPCION	***4075**	77,82
GAYOSO MEILAN MARIA JESUS	***1970**	73,18
GARCIA REGUEIRA MARIA ISABEL	***6874**	72,72
FERNANDEZ COUTIÑO AURORA	***6848**	72,50
PERNAS PORTO MARIA GORETI	***6246**	67,06
FERNANDEZ COUTIÑO LUZ DIVINA	***9629**	62,64
BALBOA OURO MARIA CARMEN	***9459**	57,88

FERNANDEZ MARTIN ALBA	***4896**	48,28
-----------------------	-----------	-------

As aspirantes propostas deberán acreditar ante este Concello, no prazo de vinte días desde a publicación do presente anuncio os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria

Taboada, 3 de marzo de 2023.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 0658

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) CASTROVERDE

Anuncio

III CONCURSO DE MICRORRELATOS

BDNS(Identif.):679805

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/679805>)

El objetivo de este concurso es fomentar en la población el acercamiento a escritura en lengua gallega, así como su creatividad. En esta tercera convocatoria los microrrelatos tendrán como temática "ENTRE LUSCO Y SOMBRÍO Podrán participar todas las personas que lo deseen a partir de los 12 años

Castroverde, 3 de marzo de 2023.- A CONCELLEIRA DE SERVICIOS SOCIALES, MARISA FREIRE CORDERO.

R. 0663
